



REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO E USO DAS INSTALACIÓNS PARA PERSOAS SOCIAS DO CLUB DEPORTIVO NÁUTICO DE MIÑO

XERAL

- A pertenza ao CDN Miño obriga a coñecer e respectar as normas de funcionamento do mesmo, que se resumen a continuación. Esta obrigación esténdese ao resto de persoas usuarias das instalacións, aínda que o sexan de forma eventual.
- É responsabilidade das persoas usuarias das instalacións do CDN Miño contribuír ao seu mantemento, adoptando en todo momento unha actitude de respecto cara ás demais persoas, equipamento e instalacións.

ADMINISTRACIÓN

- Para información sobre altas e baixas do club, tramitación e renovación de cotas, inscrición a cursos etc., as persoas interesadas deberán dirixirse á oficina do CDN Miño
- O pago das cotas das persoas socias cargarase en conta nos dez primeiros días do primeiro mes de cada trimestre. As taxas vixentes de uso das instalacións deberá facerse puntualmente.
- As persoas socias que desexen causar baixa no club deberán comunicalo na oficina con anterioridade ao pago da cota mensual que corresponda.
- A devolución de recibos, previo aviso á persoa socia que non os atenda, conlevará a baixa no uso das instalacións e o pago das comisións que se xeren por este motivo. A reincidencia na falta de pagamento dos recibos supoñerá a baixa do club.
- As persoas socias que non teñan actualizada a licenza federativa deberán contar cun seguro propio que cubra posibles lesións ou accidentes.
- O CDN Miño non se fai responsable da perda de obxectos persoais das persoas usuarias, xa sexa froito de subtraccións ou perdas por descoidos.

USO DO MATERIAL

- Para usar o material do club (piraguas, pas, etc.) as persoas interesadas deberán ter a licenza federativa correspondente e dirixirse a unha monitora ou monitor responsable coa suficiente antelación co fin de determinar a súa capacitación e asignar a embarcación máis adaptada.
- O material deberá utilizarse segundo nivel de aprendizaxe (táboa de niveis). En caso de dúbida, consultarase co monitor ou monitora responsable.
- Calquera dano do material deberá comunicarse de inmediato ao monitor ou monitora responsable.
- O material deberá colocarse sempre no lugar que teña asignado.
- Para as persoas usuarias de Nivel I e Nivel II, é obrigatorio o uso de chaleco salvavidas e navegar en grupo.
- Queda prohibido o uso do material indicado como particular.

HANGARES

- Os hangares das piraguas deberán manterse sempre limpos e recolleitos. É responsabilidade de cada persoa usuaria deixar todo o material no seu sitio.
- Non se poderá deixar no chan ningún tipo de material (pas, cobre-bañeiras, fundas, pesos, chalecos, etc.).
- Está prohibido deixar as piraguas fora do lugar asignado. Tampouco se poderán cambiar de sitio sen autorización. En ningún caso deixaranse en lugares que obstaculicen o paso.
- As piraguas deberán colocarse sempre boca abaixo.
- As pas deberán colocarse dentro do bastidor correspondente.



- Os chalecos deberán colocarse soamente na piragua correspondente ou nos despachos de billetes. Os que estean fóra de lugar serán retirados.
- Ás embarcacións privadas se lles asignarán un espazo sempre que haxa dispoñibilidade e fora da localización onde se atopan as embarcacións do Club.
- Non se pode baleirar a auga das piraguas dentro dos hangares; deberá facerse fora.
- Está prohibido realizar reparacións con resinas dentro dos hangares.
- Prohibido pasar bicicletas ao interior dos edificios.

VESTIARIOS

- O uso dos vestiarios está limitado exclusivamente á realización de actividades deportivas e ao uso das instalacións cos fins previstos polo club.
- A utilización dos vestiarios farase sempre mantendo un comportamento correcto e unha actitude de respecto cara ás demais persoas e de respecto ás instalacións.
- As persoas usuarias teñen a obrigaçión de manter en todo momento a hixiene e limpeza dos vestiarios. Non se poden deixar abandonados no chan, nin das duchas nin do vestiario, obxectos refugables (botellas ou frascos baleiros, bolsas e envolturas etc.). Os refugallos deberán depositarse na papeleira prevista para iso.
- Nas duchas está prohibido gastar máis auga quente da estritamente necesaria. A permanencia nas duchas deberase limitar a uns poucos minutos (preferiblemente non máis de 5 minutos). Esta norma é de especial importancia, dado o elevado número de persoas usuarias e a amplitude do horario de apertura de instalacións.
- Ao saír das duchas evitárase encher de auga o chan do vestiario. As persoas usuarias deberán secarse na zona de duchas para non deixar o chan do vestiario encharcado.
- Non se permitirán actitudes nin comportamentos molestos, incluídos berros, empuxóns, pelexas, expresións groseiras ou insultos, etc.
- Deberá manterse e respectarse o uso do papel hixiénico nos retretes. Queda prohibido expresamente a súa deterioración ou subtracción. Cando sexa preciso repoñelo, advertirase ás persoas responsables.
- Está terminantemente prohibido introducir alimentos no vestiario.
- Recoméndase non deixar obxectos de valor nos vestiarios (o club non se fai responsable de posibles roubos ou subtraccións).

XIMNASIO E SALAS DE ADESTRAMENTO

- As instalacións de ximnasio e salas de adestramento (bicicletas estáticas, máquinas de remo etc.) só poderán utilizarse dentro do horario previsto. Deberán respectarse en todo caso os horarios de adestramento dos equipos de competición e escolas deportivas.
- Debe facerse sempre un uso correcto do material, tanto do ximnasio como das salas de adestramento. Isto é aplicable particularmente ás máquinas e pesas.
- O material usado deberá colocarse de novo no seu sitio, unha vez terminados os exercicios, estando prohibido deixalo fóra de lugar.
- Non está permitido o uso das instalacións para outros fins que os previstos, estando prohibida calquera outra actividade (xogos, entretemento, etc.).
- As persoas usuarias teñen a obrigaçión de manter en todo momento a hixiene e limpeza do ximnasio e as salas de adestramento, de forma similar ao indicado para os vestiarios.
- É necesario usar sempre roupa e calzado deportivo adecuados.
- Por razóns de hixiene, é necesario levar unha toalla para colocala sobre os aparellos que se vaian a usar no ximnasio.
- Observaranse estritamente as instrucións de uso da báscula, que estarán escritas en lugar visible xunto á mesma.
- Prohibido pasar bicicletas ao interior dos edificios.



CONSIDERACIÓNS FINAIS

- É obriga de todas as persoas socias e usuarias coñecer, respectar e facer respectar estas normas de funcionamento.
- A falta de cumprimento destas normas levará a unha primeira advertencia, informando se é o caso de menores aos familiares correspondentes. A reiteración no incumprimento dará lugar á expulsión do club.
- Para asegurar o coñecemento das normas do CDN Miño, a dirección do club poderá establecer como parte do procedemento de inscrición das novas persoas socias, unhas probas escritas sobre os contidos das devanditas normas, que deberán ser superadas para a admisión no club.

Teresa M^a Oujo Reino
Presidenta do CDN Miño